

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.7. Outras propostas de resolución

##### 3.7.2. Declaracións institucionais

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 1 de outubro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Coñecemento pola mesa da Declaración Institucional aprobada por asentimento na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do día 28 de setembro de 2007

- 07/DEC-0015

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

**Declaración institucional de solidariedade cos veciños barrio do Eixo, en Santiago de Compostela**

**«O Parlamento de Galicia, a través da presente declaración institucional, quere sumarse ás diferentes manifestacións de solidariedade, tanto polo conxunto de entidades sociais como por diferentes institucións públicas, aos veciños do barrio do Eixo, no concello de Santiago de Compostela, que teñen pendente a execución dunha condena que implica o seu ingreso en prisión.**

**O Parlamento de Galicia non entra a cuestionar as resolucións xudiciais, mais considera preciso lembrar a unanimidade que se ten producido no consistorio municipal á hora de reclamar o indulto dos tres veciños afectados á vista de que se trata de persoas que velaron polos intereses xerais, que teñen unha traxectoria e conduta social que non representa ningún risco cidadán, que os condenados xa fixeron efectivas as súas responsabilidades civís a favor do prexudicado -coa colaboración das achegas voluntarias dos cidadáns- e que o cumprimento da pena imposta non contribúe ao seu principal obxectivo que é a rehabilitación, ocasionando o desmembramento de tres familias moi apreciadas no seu contorno social.»**

**O que se publica para xeral coñecemento.**

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2007

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1ª

### 9. Informacións e correccións de erros

#### 9.2. Correccións de erros

**Corrección de erros na publicación dos acordos adoptados o día 28 de setembro de 2007 pola da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 421, do 2 de outubro de 2007**

Advertido un erro na composición do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 421, do 2 de outubro de 2007, procédese a súa corrección nos seguintes termos:

Sumario

Onde dí:

«3.6.2.5. Proposicións retiradas

- 07/PNC-0376 (21657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a mellora das condicións na tramitación e expedición do DNI electrónico en Ourense 64327»

Debe dicir

«3.6.2.5. Proposicións retiradas

- 07/PNC-0263 (16412)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 deputados máis

Sobre a avaliación dos danos ocasionados polas riadas de outono en Vilagarcía de Arousa, así como o pagamento das axudas correspondentes aos afectados 64327»

Páxina 64327

Onde dí:

«A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 28 de setembro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 07/PNC-0376 (21657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago